



Boletín Informativo do Concello



Nº: 48 XULLO 2011

Avisos.

Axudas ao transporte escolar.

Destinadas a aqueles rapaces que deban facer fronte aos gastos de transporte para continuaren os seus estudos de Bacharelato ou Formación profesional fóra de Boimorto.

Data límite: 11 de xullo de 2011.

Documentación:

- * DNI
- * Copia Matrícula 2010/2011.
- * Certificado do instituto de ter asistido a clase no curso 2010/2011.
- * Certificado de Conta Bancaria.

Axudas de Apoio á natalidade.

As axudas están encamiñadas a aquelas persoas que tiveran un fillo ou ben o adoptaran entre o 1 de decembro de 2010 e o 30 de novembro de 2011.

Data límite: 30 de novembro de 2011.

Axudas para paliar situacións de emerxencia social.

Subvención encamiñadas a paliar situacións de emerxencia social para persoas con dificultades económicas graves.

Data límite: 15 de decembro de 2011.

As bases e os modelos de instancia están á disposición dos veciños na páxina web www.concellodeboimorto.es ou ben no BOP nº 119 de 23 de xuño de 2011.

Máis información e solicitudes na Casa do Concello.

* Subvención de Medio Rural

Subvención para a realización de repoboacións forestais en terreos clasificados no SIGPAC como forestal, pasto con arboredo ou pasto arbustivo.

Subvencionarase a plantación de coníferas (piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro insigne e pseudotsuga) e castiñeiros para froito. Conxuntamente poderán ser

subvencionadas actuacións de peche e de apertura ou arranxo de pista forestal para prevención de incendios forestais.

Subvencionarase, como máximo, o 80% do custo da actuación a realizar.

Servizos Sociais

Punto de Atención á infancia.

*O prazo para as novas inscricións será dende o 20 de xuño ao 20 de xullo (ámbolos dous incluídos). Información e solicitudes en Servizos Sociais.

Axente Desenvolvemento Local

Proximamente prevese a realización do seguinte curso de formación no Concello de Boimorto:

* Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais.

As persoas interesadas deberán ter demandando o curso no INEM de Melide, ademais de estar en situación de DESEMPREGO.

ESTEAN ATENTOS AOS BANDOS PARA MÁIS INFORMACIÓN.

Santiagoños de Boimorto

VI CONROBLA

9 de xullo na Área anexa á piscina.

**Sesión Vermú* amenizada pola BANDA DE ORDES.

**Á tardiña*: Obradoiros de baile e música, Xogos populares e Mostra de artesanía e produtos da comarca

*Actuacións de música e baile no serán.

Prezos da comida:

* Xantar ou Cea a 10 €.

* Xantar e Cea a 15€.

* Nenos: 5 €.

*Hai que anotarse no 654 20 31 69

Cultura e Deportes

ACTIVIDADES VERÁN 2011

→ **PISCINA MUNICIPAL:** a piscina municipal abrirá do 18 de xuño ata o 18 de setembro. O horario de apertura da instalación é de 12:00h. a 20:00h. ininterrompidamente de luns a domingo. Haberá cursos de natación en Xullo e Agosto en horario de 12:00 a 14:00 horas, os interesados deberán inscribirse directamente na piscina falando co socorrista.

→ **FEIRA DE BOIMORTO:** xa levamos un ano e a feira continúa. Nos meses de verán contaremos de novo con esta cita que non falta o primeiro sábado de mes. En xullo teremos feira o **día 2** e en agosto o **día 6**. Non faltedes, animámosvos a que veñades e deades unha voltiña porque hai moito que ver: calzado, roupa, accesorios, comida, ..., xa veredes como vos gusta. Ademais imos contar con algunha sorpresa.

→ **PROGRAMA TEMPO DE LECER:** durante o **mes de xullo**, en horario de 10:30h. a 13:00h. e de luns a venres, levaranse a cabo actividades na área recreativa da piscina para rapaces a partir de 6 anos. As actividades serán ao aire libre e no caso de que chova trasladarémonos ao colexio ou á casa da cultura. Haberá xogos, piscina, rutas de sendeirismo, obradoiros... Este ano non conteremos con servizo de transporte pero o programa será gratuíto. As actividades comezarán o luns 4 de xullo e rematarán o mércores 29 de xullo e deberá de haber un mínimo de 10 nenos/as. Para anotarse deberedes pasar polo Concello a realizar a inscrición, o prazo remata o 30 de xuño.

→ **CAMPAMENTOS DEPORTIVOS EN BOIMORTO:** un ano máis haberá dúas quendas en función das idades dos participantes. A primeira quenda será do **4 de xullo** ao **8 de xullo** para os de 11 a 16 anos, e a segunda quenda do **11 de xullo** ao **15 de xullo** para os de 6 a 10 anos. O asentamento das tendas será na área recreativa da piscina e non haberá a posibilidade de ir durmir á casa. Os rapaces chegarán acompañados dun adulto ás 17:00h. e serán recollidos o último día ás 12:00h. O prazo de inscrición remata o 1 de xullo para a primeira quenda e o 8 para a segunda.

Deberá haber un mínimo de 10 inscritos en cada quenda. Prezo: 15 euros por praza.

→ **EXCURSIÓN Á PRAIA:** o venres **29 de xullo** o Concello organiza unha excursión á praia de Montalvo (Sanxenxo). A hora de saída será ás 10:00h. desde o colexio e o regreso en torno ás 20:30. Poderán participar todos/as pero os menores de idade deberán ir acompañados dun adulto que se faga responsable. Os interesados poderanse anotar no Concello antes do 27 de xullo. Haberá un límite de 50 prazas que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición e un mínimo de 30 participantes. Esta excursión terá un custe de 9 € e non se incluírá a comida, os que vaian á excursión deberán levar cada un a súa comida.

→ **EXCURSIÓN AO AQUAPARK DE CERCEDA:** o venres **5 de agosto** iremos de novo de excursión ao Aquapark de Cerceda despois do éxito do ano pasado. A saída está programada para as 11:00h. desde o Campo do Rosario e o regreso ás 20:00h. Os interesados deberanse anotar no Concello antes do martes día 2 de agosto e contaremos cun límite de 50 prazas por orde rigorosa de inscrición. Como mínimo deberanse cubrir 30 prazas.

Os menores de idade non poderán ir sos e o acompañante que se faga cargo deles poderá levar un máximo de 5 cativos/as.

O custo da actividade será de 9 € e cubre os gastos do transporte e da entrada. Cada un levará a súa comida.

→ **ESPECTACULO MAXIA: O MAGO "TETO".** O sábado **16 de xullo** ás **5 da tarde** na **Piscina Municipal** teremos a actuación do Mago Teto ca obra "**O afiador**". Un espectáculo de **maxia para todas as idades**.

→ **I MEMORIAL "ANTONIO ARES" DE TIRO CON ARCO**

O sábado 23 de xullo a partir das 17:00 horas na área recreativa da piscina municipal terá lugar o primeiro torneo en honor a este boimortense amante desta disciplina deportiva olímpica. Ademais de participar na competición arqueiros chegados de toda Galicia, como novidade tamén poderán participar aqueles veciños (tanto adultos como nenos) de Boimorto que queiran experimentar a competición neste deporte. Estableceranse categorías especiais para eles.